

ACTA ASEMBLEA ABERTA PROCESO ADIANTE

ÁMBITO

LOCALIDADE: ROIS
COMARCA: COMPOSTELA
DATA: 29 de Abril de 2016
LUGAR DE REALIZACIÓN: VILACHÁN

ASISTENCIA

NÚMERO DE ASISTENTES (no momento de maior participación) : 25
NÚMERO DE NON MILITANTES ASISTENTES: 10
NÚMERO DE MILITANTES CONVOCAD@S: 20

DESENVOLVIMENTO DA ASEMBLEA

PERSONAS A CARGO DAS QUE RECAEU A EXPLICACIÓN DO PROCESO:

A nivel local: Begoña Ares
Representante Consello Nacional: Paula Castro

NÚMERO DE PERSONAS QUE INTERVIRON: 25
DURACIÓN APROXIMADA DA REUNIÓN: 90 minutos
METODOLOXÍA EMPREGADA (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc.): Asemblea e posterior cea de confraternización

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN: (tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.)
Participaron no debate todas e todos os asistentes, que foron máis dos que acoden normalmete as reunións ordinarias da organización. O todo da reunión foi distendido, ameno e moi participativo. Todas e todos valoraron moi positivamente o esforzo colectivo para analizar os nosos puntos febles

e coller folgos para o traballo que temos por diante, reafirmando a nosa condición de únicos defensores do país, nacionalistas e de esquerdas.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

LISTAXE DE PROPOSTAS (o máis sintéticas posíbeis)

CON CARÁCTER XERAL

Ao comezo da reunión explicáronse os tres eixos sobre os que ía desenvolverse o debate e a continuación fixéronse diferentes rondas de debate nos que se apuntaron as seguintes ideas:

RADIOGRAFÍA DA GALIZA DE HOXE

- Un dos principais problemas é o abandono ideolóxico e da identidade propia (idioma, tradición cultura)
- Defensa da sanidade pública como un dos eixos básicos da nosa política
- Outro dos eixos fundamentais debe ser o paro xuvenil e a emigración dos mozos e mozas.
- Facer propostas e políticas para evitar o despoboamento do rural
- políticas que combatan o avellentamento da poboación.
- poñer en marcha medida que melloren en xeral as oportunidades da mocidade, en todos os ámbitos, laborais, educativas, de ocio, para así evitar a emigración ao estranxeiro, como a fuxida ás cidades e o descenso de natalidade.
- defender a posta en marcha de iniciativas culturais, sobre todo no ámbito cultural onde a oferta de actividades é case nula.
- reforma da lei electoral, sobre todo para facilitar o voto da mocidade que está emigrada e para controlar o uso do mesmo por personas con plenas facultades (limitar a idade máxima, impedir o envío da papeleta á casa,...)

ESTRATEGIA POLÍTICA DO NACIONALISMO GALEGO

- Necesidade de mellorar a transmisión do noso ideario á sociedade, un dos nosos principais problemas é que a cidadanía non coñece as nosas propostas de forma directa, senon do xeito deturpado, sesgado e interesado en que o transmiten os medios de comunicación, cando o transmiten.

- Tentar de mudar a imaxe que a sociedade en xeral, e sobre todo a mocidade teñen da política e sobre todo do nacionalismo, que é percibido hoxe en día como negativo. Asociado incluso á corrupción.
- combatir a terxiversación da información
- Apúntase tamén que debe ser clara a nosa imaxe e a nosa mensaxe. Considérase que tivo un resultado negativo apresentarnos baixo outro nome nas últimas eleccións xerais. Considérase fundamental por en valor a marca BNG.
- Debemos volver ás tradicionais estratexias de traballo directo, ao contacto coa xente, que todos as e os militantes do BNG sirvan de militantes e defensores activos das nosas políticas, pois isto permitirános unha visibilización que non conseguimos a través dos medios de comunicación.

PARTICIPACIÓN POLÍTICA E MODELO ORGANIZATIVO

- Limitación da carga de reunións e actividades sobre a militancia. A vida interna organizativa limita moitas veces a capacidade de adicar tempo a outras actividades que permitan unha maior introducción social, e incluso arredra a moitos para participar.
- Necesidade de lealdade organizativa.
- Manter as oportunidades e as portas abertas para todos os que queiran participar
- plantéxase a posibilidade de disolver os partidos e colectivos e converter a fronte nun partido clásico de adscripción individual. Aínda que se considera que debe de ser un dos puntos a debatir, pero tamén existen opinións sobre a necesidade de manter o sistema frontista para así aglutinar o maior número de persoas que se sumen ao proxecto.